



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS. SERVIZO DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN TRIBUTARIA

##### Anuncio

#### EXPOSICIÓN MATRÍCULA IAE-2024

De conformidade co establecido no artigo 3 e 4 do Real decreto 243/1995, de 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censal do dito Imposto, ponse a disposición dos interesados a matrícula do **ano 2024** correspondente as cotas municipais dos concellos que se relacionan, a fin de que os contribuíntes poidan consultar os seus datos. A matrícula estará a súa disposición nas oficinas dos concellos respectivos e nas oficinas do Servizo de Xestión Tributaria e Recadación da Deputación Provincial de Lugo (sitas na Ronda da Muralla, núm 140- Pavillón 1, 27004 Lugo) durante o prazo de **QUINCE DÍAS** contados a partir da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Contra os actos de inclusión, exclusión ou alteración dos datos censais poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de reposición ante a Axencia Tributaria ou reclamación económico-administrativo ante o Tribunal Administrativo Rexional, en ambos casos, a contar dende o día seguinte ao término da exposición da matrícula.

Concellos: Abadín, Alfoz, Antas de Ulla, Baleira, Baralla, Barreiros, Becerreá, Begonte, Bóveda, Burela, Carballado, Castro de Rei, Castrovirde, Cervantes, Cervo, O Corgo, Cospeito, Chantada, Folgoso do Courel, A Fonsagrada, Foz, Friol, Guitiriz, Guntín, O Incio, Láncara, Lourenzá, Meira, Mondoñedo, Monterroso, Muras, Navia de Suarna, As Nogais, Ourol, Palas de Rei, Pantón, Paradela, O Páramo, A Pastoriza, Pedrafita do Cebreiro, A Pobra de Brollón, Pol, A Pontenova, Portomarin, Quiroga, Rábade, Ribadeo, Ribas de Sil, Ribeira de Piquín, Riotorto, Samos, Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada, Trabada, Triacastela, O Valadouro, O Vicedo, Viveiro, Vilalba, Xermade e Xove.

Lugo, 17 de xullo de 2024.- O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 15-03-2024, A DEPUTADA PROVINCIAL, M<sup>a</sup> del Carmen López Moreno.

R. 2181

### CONCELLOS

#### BECERREÁ

##### Anuncio

#### EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por decreto da Alcaldía, de data 16/07/2024, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 1º Trimestre 2024 das:

Taxa polo subministro de auga.

Taxa pola recollida de lixo.

Taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración.

Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e

presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 22/07/2024 ata o 21/09/2024. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberan acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 17 de xullo de 2024.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2185

### CASTROVERDE

#### *Anuncio*

#### **PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE PEON-CONDUTOR DO CONCELLO DE CASTROVERDE, NO MARCO DO PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO 2024, FINANCIADO POLA EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Por Xunta de Goberno Local de data 17 de xullo do 2024, aprobáronse as bases da convocatoria indicada.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante solicitude, dirixida ao Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Castroverde con arreglo ao modelo que figura nas bases.

A presentación das solicitudes farase no rexistro de documentos do Concello de Castroverde ou en calquera dos restantes lugares previstos no artigo 16 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no prazo de **CINCO (5) días hábiles** a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases poden ser consultadas na web municipal (<https://concellodecastroverde.gal>)\_no taboleiro de anuncios do Concello de Castroverde e na páxina web da Excelentísima Deputación de Lugo.

---

Castroverde, 19 de xullo de 2024.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2196

---

## A FONSAGRADA

### *Anuncio*

CONVOCATORIA PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024: UN PALISTA, UN SOLDADOR, TRES ALBANEIS, DOUS TRACTORISTAS, DOUS PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS E DOUS PEÓNS DE LIMPEZA VIARIA (XORNADA 50%)

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/07/2024, fanse públicas as bases de selección para a contratación con carácter temporal dun palista, un soldador, tres albaneis, dous tractoristas, dous peóns de obras e servizos e dous peóns de limpeza viaria (xornada 50%) ao abeiro do Programa de reforzo do emprego 2024 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org))

A Fonsagrada, 18 de xullo de 2024.- O alcalde, Carlos López López.

R. 2186

---

### *Anuncio*

CONVOCATORIA PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO 2024. AUXILIAR ADMINISTRATIVO

De conformidade co disposto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/07/2024, fanse públicas as bases de selección para a contratación con carácter temporal dun/dunha auxiliar administrativo/a ao abeiro do Programa de reforzo do emprego 2024 financiado pola Deputación Provincial de Lugo.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro do Concello da Fonsagrada no prazo de 7 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Requisitos: Os establecidos nas bases da convocatoria.

As bases completas da convocatoria estarán expostas no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello da Fonsagrada ([www.afonsagrada.org](http://www.afonsagrada.org))

A Fonsagrada, 18 de xullo de 2024.- O alcalde, Carlos López López.

R. 2187

---

## GUNTÍN

### *Anuncio*

Conta xeral correspondente ao exercicio de 2.023.

Ditaminada a Conta Xeral para o exercicio de 2.023 pola Comisión Especial de Contas en sesión de 11 de xullo de 2024, a mesma, xunto co ditame e documentos que a xustifican exponse ao público na Secretaría-Intervención municipal, por un prazo de 15 días hábiles que se computarán a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales e oito días máis os interesados poderán formular por escrito as reclamacións, reparos ou observacións que estimen oportunas, tal e como se sinala no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Guntín, 18 de xullo de 2024.- O Alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 2188

---

## LOURENZÁ

*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 18/07/2024, o Orzamento Municipal para o exercicio económico do ano 2024, o Cadro do persoal funcionario e laboral, as Bases de Execución e toda a documentación anexa incorporada o expediente, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles – que empezará a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia-, con fin de que durante o mesmo os interesados poidan examinar o expediente e formular ante o Pleno as reclamacións que se consideren pertinentes.

Lourenzá, 18 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 2190

## LUGO

*Anuncio*

De conformidade co disposto no artgo 133 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas e co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración das normas, sustanciárase unha consulta pública por un prazo de **QUINCE DÍAS HÁBILES**, con carácter previo á elaboración do proxecto da ordenanza municipal reguladora de terrazas de establecementos de hostalería no Concello de Lugo.

Durante este trámite de consulta pública, os cidadáns, organizacións e asociacións que consideren que resultan afectadas pola futura norma, poden facer chegar as súas opinións indicando o seu nome e apelidos ou denominación social, mediante correo electrónico dirixido a terrazas@lugo.gal acerca de:

- dos problemas que se pretenden solucionar con esta norma.
- da necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- do obxectivo das normas.
- das posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Lugo, 18 de xullo de 2024.- O Tenente de Alcaldesa de Mobilidade e Infraestructuras Urbanas, Rubén Arroxo Fernández.

R. 2189

## MONFORTE DE LEMOS

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 44/2024**

Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 148 do día 27 de xuño de 2024 o anuncio referente á exposición ao público do expediente de modificación de crédito 44/2024 de modificación de créditos na modalidade desuplemento de crédito por importe de 105.000,00 €, financiado con baixas por anulación doutras partidas, aprobada polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 24 de xuño de 2024, transcorrido o prazo da citada exposición sen presentarse reclamacións, conforme ao artigo 38 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, enténdese definitivamente aprobado.

Contra a aprobación definitiva do expediente poderá interperse directamente Recurso Contencioso-Administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Resumo da modificación:

BAIXA CAPÍTULO	IMPORTE	SUPLEMENTO CAPÍTULO	IMPORTE
VI	105.000,00	II	105.000,00

Monforte de Lemos, 19 de xullo de 2024.- O ALCALDE, José Tomé Roca. P.D. Decreto de data 21.06.2023, A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2197

## MURAS

### Anuncio

Expediente núm.: 510/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Delegacións e Avocacións de Competencias

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

#### FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Visto que este Concello está a organizar a Feira do Poldro do ano 2024, destinada principalmente á promoción da gandería autóctona, e visto que o desenvolvemento do evento afecta a intereses familiares da Alcaldía.

Visto o disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, Réximen Xurídico do Sector Público, artigo 76 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réximen Local, e artigos 21 e 22 do regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais.

De conformidade co establecido no artigo 21.3 e 23.4 da lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases de Réximen Local, en relación co artigo 61.3 e 4 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,

#### RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.-Delegar en dona Paula Gómez Souto, primeira tenente de alcalde, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa organización, execución e todo o relacionado co desenvolvemento da Feira do Poldro do ano 2024 no lugar da Gañidora.

SEGUNDO.- A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.-O órgano delegado ha de informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

CUARTO.- A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente si non se formula ante esta Alcaldía

expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO.-A presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SEXTO.-No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.

SÉTIMO.- Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interporse, con carácter previo e potestativo, recurso de reposición ante a Alcaldía deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no termo de dous meses, a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación. No entanto, poderá interpor calquera outro, si o considera convinte.

OITAVO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Alcalde.

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

O Secretario actual.

Muras, 18 de xullo de 2024.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 2191

## SAMOS

### Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de data 07 de xuño de 2024, sobre o expediente de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo *ao remanente líquido de tesorería*, como segue a continuación:

#### Altas en aplicacións de gastos

Suplemento de crédito :

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
Progr.	Económica		
454	619	Camiños veciñais. Outros investimentos de reposición de infraestruturas e bens de interese xeral (Mellora de pavimentación en vial interior do núcleo de Teivilide, Lourido e Lourido Grande. incluída no Plan de rehabilitación de camiños en zona de concentración parcelaria 2023-2024	49.714,94
454	619	Camiños veciñais. Outros investimentos de reposición de infraestruturas e bens de interese xeral ( <i>Mellora de pavimentación en vial de Francos a Suñide</i> , incluída no Plan de Mellora de camiños municipais 2024-2025	5.828,16
454	22799	Camiños veciñais. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais. Control de calidade	546,00
454	22799	Camiños veciñais. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais. Estudo integral rede viaria	2.085,70
454	22799	Camiños veciñais. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais. Honorarios profesionais	10.154,47
		<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>68.329,27</b>

#### 2.º FINANCIAMENTO

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente líquido de tesouraría resultante da liquidación do exercicio anterior, nos seguintes termos:

**Altas en Conceptos de ingresos**

<b>ECONÓMICA</b>	<b>Descrición</b>	<b>Euros</b>
<b>Concepto</b>		
870.00	Remanente de Tesourería para gastos xerais	68.329,27
	<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>68.329,27</b>

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdicción.

Senprexuízodiso, a teor do establecido no artigo 171.3 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Samos, 18 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús López López.

R. 2192

**XERMADE***Anuncio*

Por acordo da Xunta de Goberno Local do 17/07/2024 aprobouse provisionalmente o padrón do imposto municipal das taxas de subministro de auga potable e recollida de lixo do 2º trimestre do 2024, e queda exposto ó público nas oficinas deste Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do seguinte ó da súa publicación no BOP, a efectos de revisión ou reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado se transcorrido dito prazo non houbera ningunha.

O prazo para o pago do citado imposto en período voluntario fíxase entre os días 1 de agosto ó 30 de setembro, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor os recursos establecidos legalmente.

As repercusións do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

A falta de pagamento do canon de auga no período voluntario suporá a esixencia directamente ó contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Xermade, 18 de xullo de 2024.- O alcalde, Roberto Garcia Pernas.

R. 2194